



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 12 DE XUÑO DE 2020

ORDE DO DÍA

1.- **Ratificación da urxencia da convocatoria.** Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2.- **Proposta da Alcaldía relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial. Anualidade 2020.**

Apróbanse as bases reguladoras das subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial 2020 no municipio de Santiago de Compostela; así como o **gasto por importe de 60.000 euros**. A subvención pode acadar o 75% do orzamento dos gastos subvencionables, co límite de 30.000 euros por cada entidade solicitante.

Poderán resultar beneficiarias as asociacións de comerciantes ou entidades representativas de pequenas e medianas empresas comerciais legalmente constituídas, de carácter local, sen fin de lucro e que reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Que o seu ámbito de actuación sexa eminentemente local, referido ao municipio de Santiago de Compostela.
- Que contén cun mínimo de 15 establecementos asociados.
- Que o 60% dos seus establecementos asociados pertencen ao sector comercial.
- Ter a súa sede social no municipio de Santiago de Compostela.
- Non estar integradas por empresas comerciais que operen en mercados municipais suxeitos a concesión administrativa.

Os requisitos deben cumprirse no momento da presentación da solicitude.

Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro, a data límite para xustificalas, as actividades de promoción e dinamización comercial cuxo ámbito de actuación ou repercusión sexa o municipio de Santiago de Compostela, tales como: sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos á clientela cuxa finalidade sexa aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer os seus intereses; actuacións de dinamización e promoción comercial; campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios así como elaboración de material promocional, que se orienten a potenciar as distintas tempadas ou fitos con relevancia comercial ao longo do ano; implantación ou mantemento de servizos de apoio e asesoramento ao comercio polo miúdo; ou actuacións encamiñadas á mellora da competitividade comercial.

Son subvencionables, para as actuacións indicadas, os custos de persoal e de administración específicos, sempre e cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa adecuada preparación e execución.

Esta axuda é compatible con outras concedidas para a mesma finalidade, sempre e cando illadamente ou en concorrencia coas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo total das actividades subvencionadas.

A solicitude, segundo o modelo de instancia oficial e asinada pola persoa que represente legalmente a entidade solicitante, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

As bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP da Coruña.

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do protocolo do programa Escolas de Verán 2020. Apróbase o citado protocolo, polo que Concello de Santiago lles concederá unhas bonificacións aos menores en situación de vulnerabilidade.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de ANPAS de centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria “Compostela” para o desenvolvemento das Escolas de Verán 2020.

Aprobase o convenio de colaboración, que agora queda pendente da sinatura entre as partes.

O citado convenio ten por obxecto definir o marco de colaboración entre as partes para favorecer o desenvolvemento pola FANPA das Escolas de Verán 2020, durante o período non lectivo. Mediante este convenio, o Concello de Santiago de Compostela comprométese, entre outras medidas, a autorizar o uso, con carácter gratuíto, e para o fin exclusivo de realizar as actividades das Escolas de Verán 2020 desenvolvidas pola FANPA, dende o 21 de xuño até o inicio de curso 2020-2021, das seguintes instalacións de titularidade municipal:

- CEIP DE ROXOS-VILLESTRO (xuño, xullo, setembro)
- CEIP RAMÓN CABANILLAS (xuño, xullo, setembro)
- CEIP DAS FONTIÑAS (xuño, xullo, setembro)
- CEIP QUIROGA PALACIOS (xuño, xullo, agosto, setembro)
- CEIP DE VITE (xuño, xullo, agosto, setembro)

O número máximo de participantes será de 72, en cada centro escolar, esixíndose un mínimo de 27 participantes para abrir calquera das ubicacións, agás o centro de Roxos-Villestro que, pola súa situación fóra do casco urbano da cidade, ten asegurada a súa apertura cun mínimo de 18 participantes. A ratio de monitor-a por alumno-a será de 9 persoas, polo que o máximo de grupos será de 8. En canto aos servizos complementarios (madrugadores e comedor), necesitarán así mesmo dun mínimo de 18 participantes nos centros nos que se ofrezan, e será un dos criterios de agrupamento que se utilicen, prevalecendo por riba da opción preferente das familias.

5.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á convalidación de actuacións para o outorgamento de axudas de bolsas de comedor a nenos

beneficiarios, período de 1 ao 15 de maio 2020, contrato de emerxencia covid-19.(Menús suministrados por FREIRE CHICO SL). Acórdase convalidar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas de bolsas de comedor na medida que se corresponden na súa integridade na declaración de urxencia por reunir os beneficiarios os requisitos que a motivaron; e recoñecer a obrigaón polo importe de 19.117,49 euros, facturados pola empresa Freire Chico, SL, por corresponderse coa prestación efectuada.